


**VENRES 25 DE XULLO. DIA DA PÁTRIA GALEGA, 1997
9 DA NOITE. PRAZA DE ABAIXO. RIBADEO.**

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO



**ASOCIACIÓN
AMADORES DA
MÚSICA**



**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**

DELEGACION DE CULTURA

Un ano máis, a **Banda Municipal de Ribadeo** ofrece, no concerto institucional do Día da Pátria Galega, un programa substancialmente popular, nesta ocasión aberto e pechado cun paso-dobre galego; a **Municipal** ribadense ven de reincorporar ao seu repertorio, para esta temporada, o maxistral e celeberrimo **Ponteareas de Soutullo**.

Despóis de dar a coñecer a ribadenses e visitantes o fermoso **Segundo vals** durante o ano pasado, agora estréase outro número da **Jazz Suite n.º 2** de Shostakovitch: unha brillante **Marcha** que mesmo inclúe unha parte de acordeón. A selección de fragmentos de **Cadros dunha exposición**, do tamén ruso Moussorgsky, constitúe a única páxina absolutamente «clásica» deste programa. O resto, unha banda sonora que até os spots publicitarios están a popularizar e máis un bolero de sempre, naturalmente con marcas...

E un ano máis, a **Banda Municipal de Ribadeo** reserva as súas galas sinfónicas para o concerto de clausura das Xornadas «Mar por medio», o próximo venres 1 de Agosto, na Igrexa Parroquial: a Banda acompañará ao prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz na interpretación do **Andante Spianato e Gran Polonesa en Mi bemol Maior**, de Chopin. Ademais, tocará por vez primeira en público **A pantasma da ópera**, de Lloyd Webber. Con ese concerto, ao que desde este da Pátria se lles emplaza, a **Banda Municipal de Ribadeo** comeza, en directo, a grabación do seu primeiro CD.

P R O G R A M A

Sete rosas (Paso-dobre) A. del Río

Marcha (da Jazz Suite n.º 2) D. Shostakovitch

Cadros dunha exposición M. Moussorgsky

- I. Promenade
- II. O vello castelo
- III. Bydlo
- IV. A Cabana de Baba-Yaga
- V. A Gran Porta de Kiev

Bailando con lobos John Barry

Piensa en mí (Bolero) Agustín Lara

Ponteareas (Paso-dobre) R. Soutullo

Hino galego

HERNÁN NAVAL

Director